

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE XULLO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 28 de xullo de 2014

HORA DE COMEZO: 13:45 h.

HORA DE REMATE: 14:25 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 11 de xuño de 2014.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JESÚS OTERO FERNÁNDEZ (CAFETERÍA-BOCATERÍA "EL ESCORADO"), con DNI nº 53.116.064-W, con enderezo en Rúa Félix Ozámiz, nº 15-Coiro, para a ocupación con mesas e cadeiras nunha superficie de 8,00 m²., diante do local sito na Avda. Félix Ozámiz, nº 15-Coiro, durante a tempada de verán-2014.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a GLADYS MIRANDA UYOQUE, (TAPERÍA "A MEIGA"), con DNI nº 53.117.093-L, en representación de "TAPERÍA A MEIGA", con CIF nº E-36.555.878, con enderezo en Rúa Félix Ozámiz, nº 14-Coiro, para a ocupación con mesas e cadeiras nunha superficie de 8,00 m²., diante do local sito no referido lugar, durante a tempada de verán-2014.

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2014, agás o indicado no acordo.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2014.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

L) En caso de instalar parasoís, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoís unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

3.A) PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 24.7.14, relativa a alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, proponse á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a M^a Carmen B.C., con expediente 36008/01/000361-45534, o Servizo de Axuda a Domicilio, a través da quenda de dependencia e de acordo dos seguintes detalles:*

- Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

- Número de horas mensuais: 9 horas.

- *Custo total do servizo: 110,34 € (12,26 €/hora).*

- *Achega económica da persoa usuaria 2,32% sobre a capacidade económica 782,78 €, sendo a cota mensual de 18,16 €.*

O servizo de SAF iniciarase o 4 de agosto de 2014."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

3.B) PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 24.7.14, relativa a alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, proponse á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a Ángela L.G., con expediente 36008/01/000296-45167, o Servizo de Axuda a Domicilio, a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

- *Prestacións:*

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atencións de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

- *Número de horas mensuais: 41 horas.*

- *Custo total do servizo: 502,66 € (12,26 €/hora).*

- *Achega económica da persoa usuaria 8,76% sobre a capacidade económica sendo a cota mensual de 50,23 €."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

3.C) PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 24.7.14, relativa a alta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, proponelle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a Francisco S.S., con expediente 36008/01/002356, o Servizo de Axuda a Domicilio, a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:*

- Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

- Número de horas mensuais: 9 horas.

- Custo total do servizo: 110,34 € (12,26 €/hora).

- Achega económica da persoa usuaria 0% sobre a capacidade económica 399,38€, sendo a cota mensual de 0 €.

O servizo so SAF iniciarase o 5 de agosto de 2014."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

3.D) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E MULLER S/CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller, do día 28.7.14, relativa a concesión de axuda de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA

Con base no informe da traballadora social de data 24 de xullo do ano en que andamos, propoño a concesión dunha axuda de emerxencia social, en concepto de necesidades primarias por un importe de CATROCENTOS CINCUENTA EUROS (450,00 €), solicitada por Valentina García Abalo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

4º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O EXERCICIO 2014

Dase conta de proposta do día 23.7.14 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014, que di o seguinte:

"PROPOSTA

As directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia da creación de postos de traballo a nivel local e bosquexan unha estratexia de implicación de toda a sociedade nese empeño.

Para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego, creouse a figura subvencionada do axente de emprego e desenvolvemento local para realizar tarefas de promoción de actividades, prospección de mercados, e asesoramento de proxectos de empresa.

Co motivo de incorporar esta figura á oferta de servizos municipais, creouse en decembro do ano 1999 a Axencia de Desenvolvemento Local, configurándose como un centro de referencia a nivel local para a programación e planificación de accións formativas, asesoramento a desempregados, emprendedores e empresas, estímulo do espírito emprendedor e apoio á economía social e ao autoemprego.

Desde a súa creación, a Axencia de Desenvolvemento Local, ven desenvolvendo as súas tarefas con efectividade, entre as que destacamos:

- *Asesoramento para a creación de empresas.*
- *Solicitud de axudas e subvencións para emprendedores e empresas.*
- *Promoción do espírito emprendedor.*
- *Xestión de programas de mellora da empregabilidade: programas de cooperación, etc.*
- *Convocatoria, tramitación e concesión de axudas municipais para a creación de empresas.*
- *Deseño de estudos, informes e programas de fomento do emprego e a formación.*
- *Orientación laboral a desempregados.*

Para que este servizo continúe realizando o seu labor, contando coa subvención da Consellería de Traballo e Benestar, é necesaria a solicitude dunha axuda, ao abeiro da orde do 9 de xullo de 2014 da mencionada consellería.

Por todo isto, a concelleira de turismo, emprego, consumo, comercio e industria, D^a Berta Pérez Hernández, propón á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- a) Solicitar subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014, no ámbito da colaboración coas entidades locais, segundo se establece na Orde do 9 de xullo de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar.*
- b) Comprometerse a incluír partida orzamentaria nos orzamentos xerais do vindeiro exercicio, na que figure unha cantidade que permita cubrir o importe correspondente á achega municipal para a contratación deste técnico/a, que se estima por importe de VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (24.653,54 €)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014.

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

5.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE POSTO DE VENDA AMBULANTE

Vista a proposta do día 23.7.14 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización dun posto de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

Por escrito presentado no rexistro xeral deste concello o día 30/06/2014, Janin Ramona Oprea, con NIE nº X04182291 V e domicilio en Rúa Nova, nº 4-Cangas, solicita autorización para a colocación dun posto de roupa de segunda man no mercadiño.

CONSIDE RACIÓNS XURÍDICAS:

Como sinala o artigo 14 da Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, de 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Tendo en conta esta previsión e considerando a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercadiño, conclúese que non é posible acceder ao solicitado pola Interesada.

O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para un posto de venda ambulante para o venres presentada o día 30/06/2014, por Janin Ramona Oprea, con NIE nº X04182291 V, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada con indicación dos recursos procedentes, e dar traslado deste aos departamentos municipais de Axencia de Desenvolvemento Local e concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización dun posto de venda ambulante.

5.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE POSTO DE VENDA AMBULANTE

Vista a proposta do día 23.7.14 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización dun posto de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á A AUTORIZACIÓN DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

Por escrito presentado no Rexistro Xeral deste concello o día 08/07/2014, Griselda García Coya , con DNI nº78.735.797-N e domicilio en Rúa Alcalde Fandiño, nº3-3ºC-Moaña, solicita autorización para a colocación dun stand informativo de 'Tupperware', en Rúa Eugenio Sequeiros, enfrente da praza de abastos, os martes e venres.
CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Como sinala o artigo 14 da Ordenanza Municipal Reguladora da Venda Ambulante no Termo Municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, de 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Tendo en conta esta previsión e considerando a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercadiño, conclúese que non é posible acceder ao solicitado pola interesada.

O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio da venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar a solicitude dunha autorización para un posto de venda ambulante para o venres, presentada o día 08/07/2014 por Griselda García Coya, con DNI nº78.735.797N, de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada con indicación dos recursos procedentes, e dar traslado deste aos departamentos municipais de Axencia de Desenvolvemento Local e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente

a proposta da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a solicitude de autorización dun posto de venda ambulante.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
FRANCISCA PINEIRO COYA NIF Nº 76.810.298-G Eira Vella, nº 65-Donón-O Hío	FIANZA	1.000,00 €	FIANZA 2009 QUIOSCO
ENCARNA CORDEIRO MOLANES NIF Nº 35.290.326-T Avda. Concepción Arenal, nº 5-Coiro	FIANZA	200,00 €	FIANZA 2009 QUIOSCO
DAMIÁN OTERO REBOUZAS NIF Nº 73.240.920-L Liméns, nº 33-O Hío	FIANZA	300,00 €	FIANZA 2008 QUIOSCO
MARÍA LUISA COSTAS LORENZO NIF Nº 35.275.935-F Pinténs-O Hío	FIANZA	300,00 €	FIANZA 2009 QUIOSCO
EZEQUIEL MARTÍNEZ SANTOS NIF Nº 36.027.139-P Camiño de Viñó, nº 45-O Hío	FIANZA	600,00 €	FIANZA 2010 QUIOSCO
JESUS MARÍA BERNARDEZ SOTELO NIF Nº 35.314.813-S A Garita, nº 25-Rodeira-Coiro	FIANZA FIANZA	60,00 € 60,00 €	FIANZA 2010 QUIOSCO FIANZA 2011 QUIOSCO
JORGE MILLE FREIRE-XACARANDAINA NIF Nº B-36.436.368 Rúa Antonio Garelly, nº 24-Cangas	FIANZA	780,00 €	FIANZA 2008 QUIOSCO
NIEVES GUARDADO MARTÍNEZ NIF Nº 76.830.354-G Praia de Areamilla, nº 31-Darbo	FIANZA	180,00 €	FIANZA 2009 QUIOSCO
MARTA RAJÓ FERNÁNDEZ NIF Nº 78.734.136-F Camiño Praia de Vilariño, nº 25-O Hío	FIANZA	180,00 €	FIANZA 2011 QUIOSCO
FRANCISCO FIGUEIRIDO PÉREZ NIF Nº 36.110.377-D R/San Juan del Monte Castañal, nº 38-Vigo	FIANZA	300,00 €	FIANZA 2011 QUIOSCO

MARÍA SILVEIRA BERMÚDEZ NIF Nº 53.176.414-T Camiño de Arecova, nº 5-Aldán	FIANZA	351,60 €	FIANZA 2009 QUIOSCO
DAMIÁN ÁLVAREZ GONZÁLEZ NIF Nº 53.118.882-Z Gandón, nº 22-Aldán	FIANZA	150,00 €	FIANZA 2008 QUIOSCO
CAROLINA PARADA AMADO NIF Nº 78.738.951-S R/David Cal, nº 8-2ºF-Vilariño-O Hío	FIANZA	550,00 €	FIANZA 2009 QUIOSCO
MIRIAM SOTO BERNÁRDEZ NIF Nº 78.734.046-D Camiño da Garita, nº 23-Rodeira-Coiro	FIANZA FIANZA FIANZA	120,00 € 120,00 € 120,00 €	FIANZA 2009 QUIOSCO FIANZA 2010 QUIOSCO FIANZA 2011 QUIOSCO
JOSEFA CORDEIRO COYA NIF Nº 78.731.816-K Viñó, nº 31-O Hío	FIANZA	225,00 €	FIANZA 2010 QUIOSCO
Mª ALICIA BERMÚDEZ LÓPEZ NIF Nº 76.890.303-S San Cibrán, nº 13-1ºE-Aldán	FIANZA	200,00 €	FIANZA 2009 QUIOSCO

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DOS XULGADOS DE CANGAS

Visto o escrito presentado o día 22.7.14 por SERGIO ORDUÑA ALONSO, en representación do Xulgado Mixto nº 2 de Cangas, no que indica o seguinte:

"XULGADO MIXTO NUMERO DOUS DE CANGAS

Por mediación do decano dos xuízes de Cangas, SERGIO ORDUÑA ALONSO

EXPÓN:

Que dada a dificultade para atopar os xulgados desta localidade, por fiscais, profesionais e demais persoas que necesitan achegarse a estas dependencias, pois non existe ningunha sinalización ao respecto que de algún xeito amose a súa situación, dado o cal repercute na insistencia de chamadas sobre dita situación ao persoal do xulgado.

SOLICITA:

Sexa posta dita sinalización no lugar que corresponda e polo persoal axeitado.

ROGO:

Sexa atendida dita petición, o que agradezo de anteman."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude presentada polo Sr. Orduña Alonso, para sinalización da situación dos xulgados de Cangas.

SEGUNDO.- Que por parte da Policía Local e da Oficina Técnica Municipal se proceda á realización da referida sinalización.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e da Oficina Técnica Municipal.

B) SOLICITUDES DE NICHOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS

B.1) SOLICITUDE DE CARMEN RODRÍGUEZ VILLAR

Vista a solicitude presentada o día 26.6.14 por CARMEN RODRÍGUEZ VILLAR, DNI nº 76.803.652-M, con enderezo en Rúa Doctor Paz Pardo, nº 84-Vigo, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de un nicho sito no bloque E, panteón nº 6-letra B, do Cemiterio do Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. Rodríguez Villar, para concesión de un nicho no Cemiterio de Coiro.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de un nicho sito no bloque E, panteón nº 6-letra B, do Cemiterio do Coiro.

B.2) SOLICITUDE DE CARMEN TRONCOSO BERNÁRDEZ

Vista a solicitude presentada o día 24.6.14 por CARMEN TRONCOSO BERNÁRDEZ, DNI nº 78.732.489, con enderezo na Madalena, nº 48-B-Darbo, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de un nicho sito no bloque E, panteón nº 6-letra C, do Cemiterio do Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. Troncoso Bernárdez, para concesión de un nicho no Cemiterio de Coiro.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de un nicho sito no bloque E, panteón nº 6-letra C, do Cemiterio do Coiro.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente